

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Francisco Vázquez móstrase retador diante da decisión do alto tribunal galego

# O TXSG obriga ao governo coruñés a dar conta do cumprimento da senténcia de galeguización

■ X.C.

Un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza puxo nun novo brete ao governo municipal da Coruña, obligándoo a cumplir a senténcia normalizadora independentemente do recurso que apresentou no Supremo. O auto obriga a presentar periodicamente conta dos avances que fai na galeguización.

Paco Vázquez ameazou con desobedecer a senténcia do alto tribunal galego e, ignorando a lexislación vixente, suxeri que un pleno municipal podería dar carta de lei ao topónimo castelanizado.

A decisión do alto tribunal produciuse a instancia da entidade demandante, a Mesa pola Normalización Lingüística, e indícale ao concello que debe ir procedendo paulatinamente a executar a senténcia, que non só se refire ao uso do único topónimo



A. IGLESIAS

admitido legalmente, senón a seguir as indicacións sobre uso do galego na vida municipal, que o concello presidido por Paco Vázquez ignora por sistema.

O tribunal indica que a senténcia debe "acometerse progresivamente, nun espazo temporal razoábel e dando periodicamente conta dos resultados á Sala".

## Satisfacción da Mesa

A Mesa amosouse satisfeita da decisión do TXSG, e criticou as ameazas do edil coruñés, "que

adoptou unha atitude despótica e intolerante, sen precedente noutras actuacións do Alcalde. Desde nengun punto de vista se pode tolerar que o concello coruñés desobedeza as leis e as sentenzas, pois estariamos imersos na *lei da selva*".

Tamén reclaman que a Xunta se faga presente no proceso "porque foi a institución que no 1984 decretou o nome da Coruña e ten a obriga consecuente de velar polos dereitos que se derivan dese decreto".

Advírtense finalmente que "imos vixiar se nun tempo razoábel e producen cambios, pedindo á sá que nos dea translado da información do concello e en caso de que o Concello non faga nada, intentaremos da sá que se requira ao alcalde dándolle un prazo perentorio para que cumpla, con apercibimento de que se lle poida deducir testemuña por desobediencia ao Tribunal".

A única posibilidade legal do poder municipal, a efectos de mudar topónimo, é dirixirse á Xunta para que esta faga o cambio. A decisión ten que contar coa aprobación dos dous tercios do pleno.♦